

---

AUDITORIO DE GALICIA

CONCERTOS  
DE ABONO

**REAL**  
**FILHARMONÍA**  
**DE GALICIA**

2017 → 2018

---

**XOVES 26**  
**OUTUBRO 2017**  
**20.30 h**  
**Auditorio de Galicia**

**Paul Daniel** Director  
**Matthieu Arama** Violín  
**Pablo Reboleiro** Malabarista

XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA

---

**Sala Mozart**  
**19.45 h**

Convers@ndo con  
Paul Daniel, director

---

# **PROGRAMA**

---

I

EDUARDO SOUTULLO (1968)

**Jobs and gates at dawn (and other uchronias)**

(obra por encargo da Fundación Autor e a AEOS)

ÍGOR STRAVINSKI (1882-1971)

**Concerto para violín en Re maior, op. 66**

*Toccata*

*Aria I*

*Aria II*

*Capriccio*

**Matthieu Arama**, violín

II

LOTTA WENNÄKOSKI (1970)

**Jong. Música para malabarista e orquestra de cámara  
(estrea en España)**

**Pablo Reboleiro**, malabarista

MAGNUS LINDBERG (1958)

**Feira**

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 35 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

---

# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

---

## Director artístico titular

Paul Daniel

## Principal director invitado

Jonathan Webb

## Director asociado

Maximino Zumalave

Cincuenta músicos de diferentes nacionalidades achegan cada temporada a súa experiencia, formación, tradición musical, esforzo e ilusión para ofrecer ao público propostas sorprendentes. Coa orquestra colaboran de maneira habitual directores e solistas de recoñecido prestixio nacional e internacional, apostando por figuras consagradas e tamén por novos músicos que brillan no panorama musical. O seu director titular e artístico é o mestre Paul Daniel, Maximino Zumalave é o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Xestionada polo Consorcio de Santiago, nace en 1996 promovida pola Xunta de Galicia e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia.

---

### Violíns I

James Dahlgren  
(Concertino)  
Adriana Winkler  
(Axuda de Concertino)  
Anca Smeu \*\*  
Anna Alexandrova  
Yulia Petrushevskaya  
Ilya Fisher  
Victoria Jurov  
Michal Ryzcel  
Ildikó Oltai  
Claudio Guridi  
Humberto Cao (R)

### Violíns II

Grigori Nedobora \*  
Nikolay Velikov \*\*  
Enrique Roca  
Narazet Canosa (R)  
Elina Viksne  
Irina Gruia  
Samira Ajkic  
Kiyoko Ohashi  
Natalia Cid (R)

### Violas

Tilmann Kircher \*  
Natalia Madison \*\*  
Ionela Ciobotaru  
Anne Schlossmacher  
Oxana Bakulina

Iriana Fernández  
Timur Sadykov

### Violoncellos

Plamen Velev \*  
Barbara Switalska \*\*  
Alejandra Díaz (R)  
Thomas Piel  
Millán Abeledo  
Carlos García

### Contrabaixos

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Oriol Xicart

### Frautas

Laurent Blaiteau \*  
Luis Soto \*\*  
Beatriz Gallardo \*\*\*

### Óboes

Christina Dominik \*  
Avelino Ferreira (R)  
Cecilia Castro \*\*\*

### Clarinetes

Beatriz López \*  
Vicente López \*\*  
Germán Martínez \*\*\*  
Virginia Lis (R)

### Fagotes

Juan Carlos Otero \*

Manuel Veiga \*\*  
Antonio Gómez (R)

### Trompas

Jordi Ortega \*  
Alfredo Varela \*  
Xavier Ramón \*\*  
Millán Molina (R)

### Trompetas

Javier Simó \*  
Ramón Llátser \*\*  
Francisco Gaspar Tomás \*\*\*

### Trombóns

Esteban Méndez (R)  
Iago Ríos (R)  
Marcos Dorado (R)

### Tuba

Miguel Franqueiro (R)

### Timbal / Percusión

José Vicente Faus \*

### Percusión

Pablo Salgueiro (R)  
Diego Ventoso (R)  
Marta Rodríguez \*\*\*

### Arpa

Alba Barreiro (R)

### Piano / Celesta

Simona Kantcheva (R)

---

## PAUL DANIEL

### Director

É o director titular e artístico da RFG dende 2013 e tamén se encarga da dirección musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Entre 2009 e 2013 foi o principal director e conselleiro artístico da West Australian Symphony Orchestra de Perth e foi director musical da English National Opera e da Ópera de North, ademais de principal director da Opera Factory. Foi director invitado das máis destacadas orquestras e compañías de ópera por todo o mundo. Dirixiu no Royal Opera House Covent Garden, en La Monnaie en Bruxelas, na Ópera Estatal de Baviera en Múnic ou no Metropolitan Opera de Nova York.

Recentes e futuros compromisos operísticos inclúen *Lucrecia Borgia* e *As vodas de Fígaro* coa English National Opera, *Gloriana* no Covent Garden, *Lulú* en La Monnaie, un dobre cartel con *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* coa Ópera Nacional de París; *Os troianos* coa Ópera de Berlín; ou *A Village Romeo and Juliet* coa Ópera de Frankfurt. Ademais dos seus concertos coa West Australian Symphony Orchestra e a Real Filharmonía de Galicia, dirixirá a Filharmónica da BBC, Orquestra Nacional de Burdeos, Royal Philharmonic, Sinfónica de Hamburgo, Orquestra da Radio de Múnic, Tapiola Sinfonietta, Australian National Academy of Music, National Youth Orchestra e participará no Festival de Bregenz (Austria).

Entre as súas numerosas gravacións destaca o éxito alcanzado polo CD coa *Sinfonía núm. 3* de Elgar e o DVD da gravación de *Lulú* en La Monnaie coa soprano Barbara Hannigan. Coa Orquestra Nacional de Burdeos gravou obras de Wagner, Mahler e Chaikovski. En 1998 recibiu un Premio Olivier pola súa dedicación á ópera e nos New Year's Honours de 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.

---

## **MATTHIEU ARAMA**

### **Violín**

*“Un violinista cun ton rico e completo, reminiscencia de Toscha Seidel ou de David Oistrakh”*

(Lynn René Bayley. Fanfare Magazine-USA)

Comezou a tocar o violín aos 6 anos e debutou como solista na sala Gaveau de París con 11 anos. Posteriormente entrou no Conservatorio Nacional Superior de Música de París e en 2000 obtén por unanimidade o Primeiro Premio e un Premio Especial da asociación de antigos alumnos. Ese mesmo ano é aceptado na clase do profesor Igor Oistrakh no Conservatorio Real de Bruxelas, onde obterá o seu Máster coa máis alta distinción e unha puntuación de 20 sobre 20 en violín.

Grazas ás ensinanzas do seu mestre, un dos máis eminentes representantes da grande escola soviética, Matthieu Arama obtivo o terceiro Gran Premio do prestixioso Concurso Internacional de Montreal e a Medalla de Bronce do Concurso Internacional de Londres (Benjamin Britten). Acadou ademais o cuarto premio do Concurso Internacional Shlomo Mintz (Suíza) e recibiu bolsas da Feydeau de Brou Saint Paul e da Fundación Musical Yamaha en Europa.

Ten actuado como solista nas mellores salas do mundo: Barbican de Londres, Wilfried Pelletier da Praza das Artes en Montreal, a Gran Sala do Conservatorio Chaikovski de Moscú, War Memorial Opera de San Francisco, Cape Town City Hall (Suráfrica), a Gran Sala do Conservatorio de Bruxelas, Sala Gauveau de París ou a Ópera e o Auditorio Dutilleux de Burdeos. Tocou con orquestras como a Sinfónica de Londres, Royal Philharmonic, Sinfónica de Montreal, Filharmónica de Ontario, Orquestra da Ópera e Ballet de San Francisco, Orquestra Filharmónica de Cape, Orquestra Nacional de Burdeos Aquitania ou a Orquestra Nacional de Lituania.

---

Como solista, ten tocado baixo a dirección de mestres como Sir Andrew Davis, Paul Daniel, Asher Fish, Roberto Benzi, Shlomo Mintz, Marco Parisotto, Kwamé Ryan... Ofreceu recitais e concertos de música de cámara en prestixiosas salas de Francia e no estranxeiro. Algunhas das súas actuacións teñen sido difundidas por Radio Canadá, CBC (Canadá), France Musique, Radio Classique, France Bleu, Radio Suisse Romande ou Fox News. Apaixonado do ensino, é profesor do Centro de Educación Superior de Burdeos Aquitania e do Instituto Superior de Artes de Toulouse.

O seu primeiro álbum, "Violin Showcase" -integrado por pezas de Paganini, Sarasate ou Wieniawski, entre os máis virtuosos do repertorio-, publicouno en 2013 con Brilliant Classics e recibiu o aplauso da crítica. En 2016 gravou para o selo Actes Sud pezas e solos para violín e orquestra tomados dos grandes ballets rusos (*Raymonda*, *O lago dos cisnes*, *A bela dormente*), acompañado pola Orquestra Nacional de Burdeos Aquitania, baixo a dirección de Paul Daniel.

Matthieu Arama toca o violín Guarnerius "Duque de Cremona" que lle foi cedido pola Asociación Zilber-Vatelot-Rampal.

---

## **PABLO REBOLEIRO**

### **Malabarista**

É co-fundador, actor, director e responsable de desenvolvemento de proxectos da compañía Pistacatro Produtora de Soños, con sede en Santiago de Compostela, pioneira en Galicia en crear, producir e distribuír espectáculos de novo circo e cabaré. Pablo Reboleiro é un artista contemporáneo multidisciplinar, formado en circo en The Circus Space, en teatro en Espazo Aberto e en danza en diversas parte do mundo.

Xira por todo o mundo cos seus espectáculos, nos que mestura circo, danza e teatro, sempre dende a base cómica e humana do pallaso. Realiza malabares con mazas, bólas, fachos, diabólos... Fai contact, acrobacias de chan, acrobalance, minitramp, báscula, verticais, roda cyr, rolo, danza contemporánea e claqué. E toca varios instrumentos, entre eles a guitarra, o ukelele, a frauta traveseira e o acordeón.

---

Eduardo Soutullo (Bilbao, 1968)

*Jobs and Gates at dawn (and other uchronias)*

*Jobs and Gates at Dawn (and other uchronias)* foi un encargo da AEOS (Asociación Española de Orquestas Sinfónicas) e a Orquesta Ciudad de Granada, que estreou a obra en novembro de 2016 baixo a dirección de Virginia Martínez (Directora da Orquesta Sinfónica de la Región de Murcia), na que sería a súa segunda colaboración co compositor logo de dirixir a estrea de *All the echoes listen* coa Orquesta Sinfónica de Barcelona i Nacional de Catalunya en xullo de 2006. *Jobs and Gates...* foi gravada por Radio Clásica (RNE) durante a súa estrea no Auditorio Manuel de Falla de Granada; e a Radio Galega (CRTVG) realizou unha nova gravación o pasado mes de xuño coa Real Filharmonía de Galicia dirixida por Paul Daniel para a súa edición en CD xunto con outras obras de compositores galegos. Na data da súa estrea, Emilio Lacárcel escribiu en *El Ideal de Granada* “a obra de Soutullo é un exemplo de linguaxe musical plenamente actual e experimentación sonora pero preto do gusto do público, pois trátase dunha música vital e interesante que, sendo moderna, non é violenta para o ouvinte”. O recoñecemento internacional da obra do compositor galego Eduardo Soutullo ao longo dos últimos 20 anos vén avalada por galardóns como a Mención de honra no Lutoslawski Award (Varsovia 2017), finalista no International Prokofiev Composition Competition (San Petersburgo, 2008) e o Premio Reina Sofia de Composición Musical 2008, Primeiro Premio no Concurso Internacional de Composición Ciutat De Tarragona 2005, Primeiro Premio no VII Concurso Internacional de Composición Pianística Manuel Valcárcel 2007 (Fundación Marcelino Botín), Terceiro Premio no II Concurso Internacional de Composición Auditorio Nacional-Fundacion BBVA etc. Foi un dos tres compositores seleccionados para representar a España nos World Music Days 2009 en Suecia convocados pola International Society of Contemporary Music. Compuxo a música dunha das curtametraxes do proxecto “Gesamt” de Lars von Trier en 2012. As súas obras sinfónicas foron interpretadas por numerosas orquestras como por exemplo a Orquesta Sinfónica de Radio de Suecia, a Orquesta Nacional de Lorraine (Francia), a Orquesta Sinfónica de San Petersburgo, Collegium Musicum Hong Kong, Orquesta Nacional de España, Orquesta Sinfónica de Radio Televisión Española (RTVE), Orquesta de la Comunidad de Madrid,



---

Orquesta Sinfónica de Bilbao (BOS), Orquesta Sinfónica de Barcelona i Nacional de Catalunya, Orquesta Sinfónica de Castilla y León, Orquesta Sinfónica de Galicia, Orquesta Ciudad de Granada, Orquesta de Extremadura, Real Filharmonía de Galicia etc. Soutullo ten recibido encargos de composición de entidades como o Auditorio Nacional de España, Fundación Isaac Albéniz, AEOS (Asociación Española de Orquestas Sinfónicas), Fundación Autor, Orquesta Sinfónica de Galicia, Real Filharmonía de Galicia, Caixa Catalunya, Residencia de Estudiantes de Madrid etc.

---

Igor Stravinski (Oranienbaum, 1882 - Nova York, 1971)

Concerto para violín en Re maior

Aínda que de procedencia rusa, Igor Stravinski integrouse plenamente na vida musical parisiense desde inicios dos anos dez. Tras axitar o mundo escénico cos ballets creados en compañía de Diaghilev, os Ballets Rusos, Stravinski comezou a compoñer unha serie de obras instrumentais, entre elas o *Octeto para instrumentos de vento* (1923), o *Concerto para piano e instrumentos de vento* (1924) e o *Concerto para violín e orquestra en Re maior* en 1931 cando o director da editorial Schott, Willy Decker, lle propón escribir unha obra para o novo violinista americano Samuel Dushkin. Dado o seu escaso coñecemento do violín, Stravinski tivo serias dúbidas sobre afrontar o encargo, dúbidas que foron disipadas cando Dushkin se ofreceu para solventar calquera problema técnico sobre o instrumento e Hindemith lle comentou que o descoñecemento sería útil para afastarse dos estereotipos violinísticos. Aceptado o encargo, estableceron un proceso creativo marcado polo equilibrio entre o que Stravinski pretendía e o instrumento permitía, aínda que nalgún momento xorde un acorde rexeitado polo violinista, dada a súa extensión e rareza, quen descobre unha sonoridade fascinante e finalmente abre os catro movementos da obra. A falta de entendemento inicial entre o compositor e Dushkin débese ao desexo do primeiro de poñer distancia cos modelos do xénero, nos que o intérprete fora educado. Stravinski recorreu a materiais máis apartados no tempo que lle serviran como inspiración, como a que chegou do seu ídolo nos anos vinte, J. S. Bach. A esencia musical nútrese de harmonías e motivos barrocos vistos polo compositor

---

contemporáneo, incluso imita dúos e pequenos grupos de cámara empregados por Bach. A liña melódica é clara e sinxela creadora dunha atmosfera transparente, serena, evocadora do pasado sen nostalgia e con certa ironía no uso dos tempos e a dinámica bastante moderna, empregando materias do pasado e despozándoos da súa seriedade arcaica. A estrea tivo lugar en Berlín no ano da súa composición, coa prensa moi dividida, algo habitual nas presentacións das súas obras, como a d'A *consagración da primavera* en 1913, que acabou nunha gran lea.

---

Lotta Wennäkoski (Helsinki, 1970)

Jong

Tras estudar composición na Academia Sibelius con Eero Hämeenniemi, Paavo Heininen e Kaija Saariaho, Lotta Wennäkoski completou a súa formación en Amsterdam con Louis Andriessen. Foi coordinadora artística da Bienal de Tampere Biennale entre 2008 e 2010 e compositora residente na Tapiola Sinfonietta na temporada 2010/2011. Os seus primeiros traballos foron obras para a radio e curtametraxes. A primeira partitura para concerto foi *Läike* (1994) para clarinete, violín e piano, estreada nun concerto de repertorio contemporáneo innovador. En 1999 no festival Musica Nova de Helsinki, un programa completo coas súas sobras confírelle unha reputación no panorama musical contemporáneo finés. Os encargos que recibe inclúen *Sakara* para orquestra (HPO/ Esa-PekkaSalonen), o cuarteto de cordas *Culla d'aria* (Kuhmo Chamber Music), *Hava* (Tapiola Sinfonietta, 2008) e o concerto para fruta *Soie* (2009) solicitado pola Orquestra Sinfónica da Radio Finesa e seleccionada como un dos traballos recomendados pola Sección de Compositores da Unesco en 2012. A Orquestra de Cámara Escocesa encargoulle unha peza orquestral, *Verdigris*, estreada en 2015. As obras de Lotta Wennäkoski están deseñadas para facer unha declaración e ela considera importante na súa música o compromiso de diálogo coa sociedade; música que se pode encaixar no campo modernista expresada en tons líricos. *Jong* (2013) é un encargo da compañía de circo Agit-Cirk, cun malabarista como solista, e foi estreada pola Orquestra de Cámara de Lapland baixo a batuta de John Storgads e nominada polo Consello Nórdico do

---

Premio da Música en 2014. *Flounce*, composta para a Sinfónica da BBC, foi estreada na última noite dos Proms o pasado 9 de setembro no Royal Albert Hall de Londres baixo a batuta de Sakari Oramo.

---

Magnus Lindberg (Helsinki, 1958)

Feria

Magnus Lindberg é un dos compositores europeos máis talentosos da súa xeración, especialmente admirado polos seus traballos sinfónicos que desprenden enerxía, cor e unha emocionante densidade de material, elementos distintivos do seu estilo definido por moitos como unha nova modernidade clásica. Como no caso da obra da última estrea de Lotta Wennäkoski, *Feria*, escrita para a Orquestra Sinfónica da BBC e interpretada por primeira vez no London Promenade Concerts no verán de 1997, que desde a apertura da fanfarra cativa o espectador. A partitura honra o seu título, unha festa ou unha feira popular ao aire libre, aludindo a súa exuberancia. Na sección de apertura, as ideas explosivas e rítmicas, especialmente as fanfarras de trompetas que anuncian un vivo espectáculo público son un motivo recorrente que, sobre todo, crea un sentido de continuidade narrativa aínda que non repite o mesmo material cada vez, a súa presenza convértese nun fito sonoro familiar. *Feria* é un tanto inusual incluso na concesión dunha grande importancia ás pasaxes da música de cámara dentro do fluxo sinfónico, momentos que centran a atención en instrumentos ou sonoridades específicas, producindo un sentido de carácter cambiante -quizais ilustrativo do título da obra, dadas as moitas actividades e persoas que nunha feira compiten por chamar a atención. Pero, ademais, Lindberg cita en *Feria* o madrigal de Monteverdi, *Lasciatemi morire*, que proporciona a base para unha sección central lenta de corais e que, a pesar de que poida soar estraño, está plenamente integrada e indica a perspicacia harmónica de Lindberg; as súas propias estruturas de cordas complexas poden relacionarse con referencias claramente tonais sen perder a súa natureza esencial. Máis tarde aparece un só tipo de cadencia para o piano -outra personaxe nas festas- cuxa música se desenvolve nunha plena, lenta culminación, repleta de trompas que se lamentan, percusións que golpean nun tema triunfal.

## AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela

## DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)  
T 981 542 349 (Teatro Principal)

## OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

[www.rfgalicia.org](http://www.rfgalicia.org)

[www.compostelacapitalcultural.gal](http://www.compostelacapitalcultural.gal)



RealFilharmoniadeGalicia  
CompostelaCapitalCultural



@rfgalicia  
@CCultura

---

# PRÓXIMOS CONCERTOS

## Venres 27 outubro 18.30 h

Descubre unha orquestra para ti, a túa!

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Mathieu Arama, violín

Pablo Reboleiro, malabarista

I. Stravinski, *Concerto para violín en re maior*

L. Wennäkoski, *Jong. Música para malabarista e orquestra de cámara*



## Xoves 9 Novembro 20.30 h

19.45 h Sala Mozart

Conversando con... Lucas Rei Ramos,  
compositor

CINEUROPA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Timothy Brock, director

*Carmen* (1915) de Cecil B. DeMille.

Música de H. Riesenfeld

*A Burlesque on Carmen* (1915) de Charles  
Chaplin. Música de T. Brock



CONSORCIO DE  
SANTIAGO



GOBIERNO  
DE ESPAÑA



CONCELLO DE  
SANTIAGO



XUNTA  
DE GALICIA



Deputación  
DA CORUÑA